

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

16637 *Real decreto 638/2019, do 8 de novembro, polo que se establecen as condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada de animais vivos, produtos para a alimentación de animais de produción e subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, e se crea o Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección.*

O artigo 47 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, estableceu a obrigatoriedade de autorización para os transportes de animais. A necesidade de que os ditos transportes sexan limpados e desinfectados con produtos autorizados, unha vez realizada a descarga de animais, recóllese no seu artigo 49.

Mediante o Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro, estableceuse a normativa básica reguladora. Esta norma substituíu o Real decreto 644/2002, do 5 de xullo, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte de gando por estrada.

A experiencia adquirida na aplicación da norma anteriormente citada fai preciso realizar cambios que afectan diversos artigos dela.

Como novidade, exclúense do seu ámbito de aplicación as instalacións e os dispositivos de limpeza e desinfección anexos a establecementos, dentro do marco previsto para o efecto polo Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), pois o Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, xa regula a limpeza e desinfección dos vehículos que transportan subprodutos aos ditos establecementos.

Igualmente, e sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, exclúense no proxecto os transportes de produtos para a alimentación de animais cando non se dean casos de epizootias ou outros problemas de sanidade animal, co fin de axilizar o réxime a que estaban sometidos estes medios de transporte que non supoñían unha ameaza para a saúde animal.

Mantense a autorización dos centros por parte do órgano competente da comunidade autónoma en que radiquen, pero esta autorización queda condicionada, de forma xeral, pola existencia dun informe técnico que debe incluír un estudo de dimensionamento e capacidade do centro.

Mantéñense os requisitos para conceder a autorización con maiores exigencias nos valados, asfaltados e accesos ao centro, pero establécense excepcións para certos requisitos polo baixo risco sanitario. No caso da distancia mínima dun quilómetro a outras explotacións gandeiras, flexibilízanse os requisitos de autorización para facelos máis adaptados ao risco, de forma que se exceptúan os centros que se encontren situados en zonas de alta densidade gandeira, sempre que se instalen dentro dun polígono industrial e se establezan medidas de bioseguridade complementarias, e os de nova instalación,

sempre que non exista risco sanitario e non exista no municipio ningún centro de desinfección de uso público baixo determinadas condicións. No caso dos requisitos relativos ás instalacións e ao equipamento, exceptúanse os centros de limpeza e desinfección que dan servizo a vehículos de transporte por estrada de peixes, de cans de caza, incluídos os existentes nos terreos en que se leva a cabo a actividade cinexética, os centros que dan servizo a vehículos de transporte por estrada de équidos (capacidade máxima de dous animais), aqueles que dan servizo a vehículos de transporte por estrada doutros animais de produción en explotacións gandeiras, núcleos zoolóxicos ou matadoiros de baixo risco, en desprazamentos de curta distancia e número reducido de animais, e sempre dentro da comunidade autónoma. En calquera caso, estes centros deberán estar deseñados e organizados especificamente para poderen levar a cabo con eficacia a limpeza e desinfección tendo en conta as características dos vehículos. Así mesmo, establécese un réxime especial para o transporte de équidos que participen en actividades deportivas durante un máximo de 72 horas.

Cámbianse algunhas normas de funcionamento dos centros no anexo II e inclúese a posibilidade de realizar un tratamento desinfectante térmico, sempre que garanta a inactivación dos axentes patóxenos. Por outro lado, permíteselles ás autoridades competentes exceptuaren das ditas normas os centros de baixo risco e aqueles situados en matadoiros de baixo risco, que poderán funcionar coas normas establecidas polas ditas autoridades na súa respectiva autorización.

O proxecto desenvolve as excepcións para a obrigação de dispoñer dun centro de limpeza e desinfección nos matadoiros ao abeiro do artigo 49 da Lei 8/2003, do 24 de abril. Nel establécese que, no caso de transportes e descarga en matadoiro, o vehículo terá que saír deste necesariamente baleiro, limpo e desinfectado, e que os matadoiros deberán dispoñer, nas súas instalacións, dun centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de animais. O número 3 do dito artigo prevé o desenvolvemento regulamentario de excepcións a esta exixencia.

No presente real decreto régulase a posible excepción á exixencia prevista no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, de que todos os matadoiros contén cun centro de limpeza e desinfección.

Para iso créase un artigo que regula os denominados «matadoiros de baixo risco» en función do número de días de actividade á semana, número de vehículos que recibe, orixe destes e procedencia dos animais. Os ditos matadoiros poden ser autorizados a non dispoñer do seu propio centro de limpeza e desinfección se cumpren unha serie de requisitos que lles permita seguir a rastrexabilidade dos vehículos que remitan ao centro de limpeza e desinfección máis próximo.

Aos centros de limpeza e desinfección que se encontran dentro deste tipo de matadoiros aplícanse *mutatis mutandis* os requisitos contidos no anexo II. Outra das novidades principais é a creación do Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección, que deberá empezar a funcionar o 1 de xullo de 2020, de consulta pública e administrado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do cal se enviarán as comunicacións das autorizacións e as súas incidencias por parte da autoridade competente, e se aborda a clasificación dos centros cunha terminoloxía que permita poñer á disposición do público a información da localización dos centros de acceso libre.

A prol dunha maior claridade e eficacia, o certificado ou talón de desinfección poderase conservar en formato electrónico ou a través dun rexistro de limpeza e desinfección que debe estar dispoñible no vehículo. Por outro lado, inclúese a necesidade de rexistro dos precintos utilizados no centro de limpeza e desinfección e introdúcese a posibilidade de que o rexistro mantido no centro sexa en formato electrónico, incluídos algúns datos novos dentro dos datos mínimos que deben formar parte do rexistro.

Finalmente, introdúcese un plan de controis, que efectuarán as autoridades competentes segundo o risco que presente cada centro do seu ámbito territorial e que servirá de base para manter, retirar ou suspender as autorizacións concedidas.

O real decreto aplicarase sen prexuízo do establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, en especial no referido a infraccións, cando o incumprimento da presente norma xere sufrimento ou dano ao correspondente animal vivo que é transportado.

Debido ao alcance e contido das modificacións, razóns de seguridade xurídica aconsellan que se aprobe un novo real decreto regulador da normativa básica nesta materia.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados. Dado o marcado carácter técnico desta norma, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

A regulación que se contén neste real decreto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada de animais vivos, produtos para a alimentación de animais de produción e subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límtase ao mínimo imprescindible para aplicar o artigo 49 da Lei 8/2003, do 24 de abril, pois non se establecen autorizacións máis aló do previsto nela. En aplicación do principio de eficiencia, límtanse as cargas administrativas ás imprescindibles para a consecución dos fins descritos. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, así como as entidades representativas dos sectores afectados. E, en función do principio de seguridade xurídica, derrógase o Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación e o establecemento das condicións básicas de equipamentos, instalacións e funcionamento dos centros de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada de:

- a) Animais de produción, incluídas as especies cinexéticas, pero exceptuadas as colmeas de abellas, os moluscos e os crustáceos.
- b) Cans de caza.
- c) Produtos para a alimentación dos ditos animais de produción, no sucesivo produtos para a alimentación dos animais, unicamente en caso de epizootias ou por outros motivos de sanidade animal, segundo o determine a autoridade competente.
- d) Subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

2. Exclúense do seu ámbito de aplicación as instalacións e os dispositivos de limpeza e desinfección anexos a establecementos dentro do marco previsto para o efecto no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), e no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables

aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e a Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude dela.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; no Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados a consumo humano, e no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Centro de limpeza e desinfección de servizos a terceiros: centro de uso público que dá servizo a calquera vehículo de transporte por estrada de animais, produtos para a alimentación dos animais ou subprodutos, de acordo coa autorización que teña concedida en cada caso.

b) Centro de uso restrinxido: centro habilitado co fin de dar servizo exclusivamente aos vehículos de transporte de animais por estrada que pertencen ou que dan servizo a unha agrupación, empresa ou asociación.

c) Centro anexo a un establecemento: centro habilitado co fin de dar servizo exclusivamente aos vehículos de transporte de animais por estrada que pertencen ou que dan servizo a unha explotación gandeira, núcleo zoolóxico, centro de concentración, posto de control, matadoiro, establecemento de subprodutos animais non destinados ao consumo humano (Sandach) ou outros ao cal están anexos.

d) Axentes patóxenos: aqueles incluídos no anexo I do Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, e que afecten as especies para as cales está autorizado o centro no caso de que estea restrinxido a certas especies, aqueles incluídos na epígrafe A.1 no caso dos centros autorizados para vehículos de transporte de animais terrestres e aqueles incluídos na epígrafe A.2 no caso dos centros autorizados para vehículos de animais acuáticos.

e) Persoa responsable do procedemento de aplicación: será a persoa responsable da validez do procedemento de aplicación do tratamento de limpeza e desinfección, así como do seu cumprimento, sen prexuízo do establecido no Real decreto 830/2010, do 15 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamento con biocidas.

Artigo 3. *Limpeza e desinfección.*

1. A limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada de animais de produción ou de produtos para a alimentación dos ditos animais só se poderá realizar nos centros autorizados conforme o disposto neste real decreto.

A limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano deberase realizar nos centros autorizados conforme o disposto neste real decreto, excepto aqueles cuxa limpeza e desinfección se deba realizar en instalacións ou dispositivos previstos para o efecto no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011.

2. A limpeza e desinfección deberase realizar no centro autorizado máis próximo ao lugar onde se procedese á descarga dos animais transportados, coas seguintes excepcións:

a) No caso dos vehículos de transporte por estrada de peixes, a limpeza e desinfección deberase realizar na propia explotación de destino, de esta dispoñer dun centro autorizado para a limpeza e desinfección deles; na súa falta, no centro autorizado

da propia empresa transportista que estea máis próximo á descarga e, de este non existir, no centro autorizado para a limpeza e desinfección dos ditos vehículos máis próximo á descarga.

b) Cando os vehículos transporten animais co fin de reprodución ou engorda, se despracen desde unha explotación gandeira que dispón dun centro autorizado na propia explotación e despois de facer o traslado volven directamente a ela, onde se realizará a limpeza e desinfección previa á carga.

c) Cando os vehículos transporten animais co fin de reprodución ou engorda, sexan propiedade de agrupacións, empresas ou asociacións que teñen un centro de uso restrinxido e despois de facer o traslado van directamente ao dito centro, onde se realizará a limpeza e desinfección previa á carga.

3. Cando a limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano se leve a cabo en centros de limpeza e desinfección autorizados conforme o disposto neste real decreto, deberase realizar no centro autorizado máis próximo ao lugar onde se procedese á descarga dos subprodutos transportados.

Así mesmo, e sen prexuízo do previsto no Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, os vehículos de transporte por estrada de produtos para a alimentación dos animais de produción das especies que se recollen no artigo 1.1.a), en caso de epizootia ou por outros motivos de sanidade animal, deberán ser lavados e desinfectados coa frecuencia que determine a autoridade competente.

Artigo 4. *Autorización e rexistro de autorizacións.*

1. Todos os centros de limpeza e desinfección deberán estar autorizados e rexistrados polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades autónomas de Ceuta e Melilla en cuxo ámbito territorial estean situados.

Non obstante, os centros en que única e exclusivamente se realicen operacións de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de animais adscritos aos ministerios de Defensa ou do Interior, ou dos seus correspondentes organismos públicos, serán autorizados e rexistrados polo órgano competente do respectivo departamento.

2. Para a concesión da dita autorización deberán cumprir, polo menos, os requisitos establecidos no artigo 5. A autorización será modificada, suspendida ou extinguida en caso de incumprimento, total ou parcial, dos ditos requisitos, mediante o procedemento correspondente. Esta autorización poderase limitar a unha ou varias especies particulares de animais de produción, a determinadas categorías ou estado sanitario dos ditos animais, á capacidade do vehículo, a determinados produtos para a súa alimentación ou a determinadas categorías de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, así como suspenderse, modificarse ou extinguirse en función da situación sanitaria da zona de localización do centro de que se trate.

3. A autoridade competente asignará un número de rexistro a cada centro de limpeza e desinfección autorizado, composto por 7 caracteres. Os dous primeiros, correspondentes á provincia que corresponda e os cinco seguintes serán un número correlativo para cada centro da provincia, seguidos por un último carácter que indicará o tipo de centro de limpeza e desinfección, onde:

Letra «T», de se tratar dun centro de servizos a terceiros.

Letra «R», de se tratar dun centro de uso restrinxido.

Letra «A», de se tratar dun centro anexo a un establecemento.

4. Para a obtención da autorización deberase exixir informe técnico que inclúa un estudo de dimensionamento e capacidade do centro, agás os centros exceptuados de acordo co artigo 5.4.b) e 5.4.c). Ademais, deberase asegurar que cumpre cos requisitos exixidos para instalacións e equipamento do anexo I ou coas condicións adecuadas para os centros exceptuados de acordo co artigo 5.4.

Artigo 5. *Requisitos mínimos para a autorización.*

Para poderen ser autorizados pola autoridade competente, os centros de limpeza e desinfección deberán reunir, polo menos, os seguintes requisitos:

1. Estar situados a unha distancia mínima dun quilómetro de calquera explotación gandeira coas seguintes excepcións:

- a) Os anexos a un establecemento segundo se establece no artigo 2.2.c).
- b) Os centros de limpeza e desinfección autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, antes da entrada en vigor deste real decreto, sempre e cando ao seu xuízo a súa situación non supoña un risco sanitario.
- c) Os centros de limpeza e desinfección de uso restrinxido, segundo establece o artigo 2.2.b, deberán estar situados a unha distancia mínima dun quilómetro de calquera explotación gandeira, e a autoridade competente poderá exceptuar deste requisito cando afecte unha explotación pertencente á entidade a que dan servizo. Neste caso, será necesario o consentimento expreso do titular do centro de limpeza e desinfección e do titular da explotación respecto á cal se reducirán as distancias.
- d) Os centros de limpeza e desinfección situados en zonas de alta densidade gandeira, sempre que se instalen dentro dun polígono industrial e se establezan medidas de bioseguridade complementarias para evitar o risco de difusión de enfermidades.
- e) Aqueles casos en que existan factores de especial consideración, como as características xeográficas do territorio ou que as especies para as cales se autorice o centro non representen un risco sanitario para as especies presentes na explotación gandeira, e mediante norma sexa eximido deste requisito polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades autónomas de Ceuta e Melilla onde radique o dito centro.
- f) Os centros de limpeza e desinfección de nova instalación, sempre que non exista unha epizootia ou outro motivo de sanidade animal que así o aconselle, e non exista no municipio ningún centro de desinfección de uso público, cando a localización do centro se encontre anexa a embarcadiros de animais, básculas e mangas de manexo, sempre que estas instalacións sanitarias e de benestar animal sexan de uso público e se encontren en funcionamento.

Este punto aplicarase sen prexuízo das distancias establecidas nas respectivas normas de ordenación sectorial das explotacións gandeiras.

2. Estar situados nunha zona que non estea sometida a unha prohibición ou restrición de conformidade coa lexislación sanitaria vixente. En caso de que se restrinxan os movementos de vehículos de transporte de animais vivos na zona onde estean situados, só poderán dar servizo aos vehículos que operen dentro desa zona restrinxida.

3. Naqueles centros en que durante a desinfección se empreguen biocidas, débense cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 830/2010, do 15 de xuño.

4. Cumprir o disposto no anexo I sobre equipamentos e instalacións, coa excepción:

- a) dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de peixes;
- b) dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de cans de caza, incluídos os existentes nos terreos en que se leva a cabo a actividade cinexética;
- c) dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de equídeos, en vehículos de capacidade máxima para dous animais;
- d) dos centros de limpeza e desinfección en explotacións gandeiras ou núcleos zoolóxicos de vehículos de transporte por estrada doutros animais de produción, non incluídos nas alíneas a), b) e c), cuxos desprazamentos se acollan ao establecido na epígrafe 2.^a deste número 4;

e) dos centros de limpeza e desinfección en matadoiros de baixo risco segundo se establece no artigo 8 e destinados ao uso exclusivo dos vehículos cuxos desprazamentos se acollan ao establecido no ordinal 2.º do punto 4 que dan servizo a ese matadoiro.

Nos casos previstos neste punto, os equipamentos persoais homologados e as instalacións deberán estar deseñados e organizados especificamente para poder levar a cabo con eficacia a limpeza e desinfección, tendo en conta as características dos vehículos.

Os certificados de limpeza e desinfección emitidos nestes centros serán válidos para:

- 1.º As especies de que se trate, previstas nas alíneas a), b) ou c), ou
- 2.º En desprazamentos de curta distancia e número reducido de animais e sempre dentro da comunidade autónoma, para as alíneas d) ou e). A autoridade competente establecerá regulamentariamente as condicións de validez destes certificados.

Artigo 6. *Funcionamento dos centros de limpeza e desinfección.*

1. Na realización das operacións de limpeza e desinfección deberánse respectar as normas que recolle o anexo II, coa excepción dos centros mencionados no artigo 5.4, nos cales se levará a cabo de acordo coas condicións establecidas pola autoridade competente na autorización dos centros e que, en calquera caso, garantirán condicións de actuación que supoñan a inactivación dos axentes patóxenos.

2. A empresa deberá dispoñer un PNT (procedemento normalizado de traballo) detallado sobre limpeza e desinfección, que elabore a empresa responsable, onde se recollan instrucións de utilización e de equipamentos, protección do persoal, diferentes métodos de limpeza segundo medios de transporte ou características segundo as especies, uso de produtos químicos (fichas técnicas) e control da documentación.

3. No caso de aparición dunha epizootia, poderanse establecer normas complementarias para a limpeza e desinfección, así como adoptar similares medidas para os vehículos de transporte de produtos relacionados coa produción animal.

4. Os equipamentos e as instalacións dos centros de limpeza e desinfección utilizaranse para limpar e desinfectar os vehículos dedicados ao transporte de animais por estrada e os vehículos de transporte de produtos para a alimentación animal, segundo dispoña a súa autorización.

Non obstante, os vehículos de transporte por estrada de vertebrados terrestres non se poderán limpar e desinfectar nos autorizados especificamente para os vehículos de transporte por estrada de peixes.

Así mesmo, deberánse utilizar para limpar e desinfectar os vehículos, contedores e recipientes dedicados ao transporte de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, excepto aqueles cuxa limpeza e desinfección se deba realizar en instalacións ou dispositivos dentro do marco previsto para o efecto no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011. Neste suposto, os centros deberán cumprir o disposto na citada normativa en canto á recollida, ao transporte, ao almacenamento, á manipulación, á transformación e á utilización ou eliminación dos mencionados subprodutos.

5. Nos centros de limpeza e desinfección poderán existir actividades complementarias, de carácter non gandeiro, sempre que non se interfira na cadea nin nas operacións de limpeza e desinfección do centro.

Artigo 7. *Documentación.*

1. A realización das operacións de limpeza e desinfección en cada vehículo quedará xustificada mediante un certificado ou talón de desinfección en que consten, como mínimo, os datos que figuran no anexo III. A documentación poderase conservar en formato electrónico ou poderase substituír por un rexistro de limpeza e desinfección que achegue os mesmos datos e que deberá estar dispoñible no vehículo.

2. Unha vez desinfectado o vehículo, colocárase o oportuno precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso dos animais, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo. O precinto ou precintos adaptaranse á forma e ás condicións dos elementos en que se transporten, dentro do vehículo, os animais, os produtos para a alimentación animal ou os subprodutos. Cada centro de limpeza e desinfección levará un adecuado rexistro dos precintos colocados. Para estes efectos, nos centros de limpeza e desinfección anexos a un núcleo zoolóxico de tipo canina, recovaxe ou cuadrilla, non será necesario realizar a precintaxe do medio de transporte por estrada que pertence ou dá servizo ao titular de citado núcleo zoolóxico. Neste caso, a validez do certificado ou talón emitido polo centro de limpeza e desinfección será desde a carga inicial dos cans do núcleo zoolóxico anexo ao centro.

En caso de transporte de animais, o certificado ou talón emitido polo centro de limpeza e desinfección terá validez desde a precintaxe do vehículo ata a finalización do primeiro traslado de animais posterior á rotura do precinto. Para estes efectos, no caso dos vehículos de transporte de cans de caza entenderase como finalización do primeiro traslado a descarga dos cans no lugar de orixe do movemento cun intervalo máximo de 48 horas. Se esta situación non for posible, deberase proceder á limpeza e desinfección do transporte no centro situado no terreo de caza, previamente á carga dos animais para ou seu retorno.

No caso dos vehículos de transporte de équidos con capacidade superior a dous animais que participen en actividades deportivas, entenderase como finalización do primeiro traslado a descarga dos équidos no lugar de orixe do movemento cun intervalo máximo de 72 horas desde a súa saída de orixe, sempre que o vehículo non preste servizos intermedios durante este período.

Malia o anterior, a autoridade competente poderá poñer un prazo máximo de validez do precinto. O transportista, polo menos durante o transporte e ata que efectúe a seguinte limpeza e desinfección, conservará o correspondente certificado ou talón de desinfección á disposición das autoridades competentes en materia de sanidade animal ou de tráfico e circulación de vehículos de motor por estrada.

3. Cada centro deberá levar un rexistro, substituíble por unha colección ordenada das copias dos talóns, que se poderá realizar en soporte electrónico, que se deberá conservar e manter á disposición do órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades autónomas de Ceuta e Melilla durante, polo menos, tres anos, e que conterá os seguintes datos mínimos:

- a) Matrícula do vehículo (incluída, de ser o caso, a do remolque) ou, na súa falta, número de bastidor ou código de identificación individual asignado polo transportista.
- b) Data e hora de inicio e de finalización das tarefas.
- c) Calquera observación ou incidencia apreciada durante as operacións de limpeza e desinfección.
- d) Biocida de uso gandeiro ou, de ser o caso, as condicións do tratamento desinfectante utilizado.
- e) Número do certificado ou talón expedido.

Así mesmo, conservarase á disposición do órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades autónomas de Ceuta e Melilla durante, polo menos, un ano, copia de cada certificado ou talón expedido.

Artigo 8. *Matadoiros de baixo risco.*

1. Para efectos deste real decreto, considéranse matadoiros de baixo risco aqueles con autorización vixente no momento da publicación deste real decreto que reciben un máximo de tres vehículos ao día. Por motivos festivos ou outros motivos xustificadas e logo de comunicación á autoridade competente, puntualmente poderá aumentarse a oito vehículos por día. Ademais, deben cumprir un dos seguintes requisitos:

- a) Actuar no ámbito local, tanto pola orixe dos animais coma polo destino dos canais.

b) Sacrificar animais das mesmas explotacións, ata un máximo de dez orixes. Por motivos festivos ou outros motivos xustificados, e logo de comunicación á autoridade competente, puntualmente poderá aumentarse a vinte orixes.

c) Sacrificar, como máximo, tres días por semana. Por motivos festivos ou outros motivos xustificados, e logo de comunicación á autoridade competente, puntualmente poderá aumentarse a sete días por semana.

Tamén serán considerados matadoiros de baixo risco, para efectos deste real decreto, os establecementos de manipulación de caza, así como aqueles matadoiros situados nas illas Baleares e Canarias e cuxos vehículos efectúen transporte exclusivamente no ámbito insular.

Un matadoiro de baixo risco que se acollese ás excepcións previstas no número 3 deste artigo non poderá superar as condicións establecidas no número 1 ata que dispoña dun centro de limpeza e desinfección que cumpra os requisitos establecidos neste real decreto.

2. Os matadoiros de baixo risco poderán:

a) Dispoñer, nas súas instalacións, dun centro de limpeza e desinfección. Neste caso, as excepcións establecidas nos artigos 5.4 e 6.1 só se poderán aplicar en función do status sanitario das explotacións de orixe.

b) Non dispoñer, se así llo solicitan á autoridade competente, de centro de limpeza e desinfección nas propias instalacións, sempre e cando a autoridade competente determine que os labores se poden levar a cabo nun centro de limpeza e desinfección próximo autorizado.

3. Os matadoiros de baixo risco autorizados a non dispoñer de centro de limpeza e desinfección nas propias instalacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberán notificar aos transportistas que descargasen animais no matadoiro a ruta que deberán seguir e o centro de limpeza e desinfección onde se deben dirixir segundo o que se establecese na resolución de autorización, baseándose en criterios sanitarios.

b) Solicitarán mensualmente ao centro de limpeza e desinfección onde se remitiron os vehículos para a súa limpeza e desinfección os datos ou unha copia do certificado de limpeza e desinfección emitido para os vehículos que se enviaron.

c) Manterán un rexistro actualizado, que deben gardar un mínimo de tres (3) anos, coa seguinte información:

1.º Data e hora de saída do vehículo do matadoiro.

2.º Datos do vehículo e do transportista.

3.º Datos ou copia do certificado de limpeza e desinfección emitido polo centro de limpeza e desinfección.

d) Remitir os datos á autoridade competente, cando esta os solicite.

Artigo 9. *Creación do Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección.*

1. O Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección, adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, constitúese como un rexistro único de acceso para consulta pública e gratuíta, a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal conforme a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e dos intereses económicos e comerciais dos inscritos nel.

2. O Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección constituirase nunha base central administrada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e estará formado polos datos recollidos nas bases de datos das comunidades autónomas que

incluirán a información de cada centro de limpeza e desinfección de vehículos situados no seu ámbito territorial e conterá os datos mínimos que se indican no anexo IV.

3. A autoridade competente manterá actualizada a base de datos de todos os centros de limpeza e desinfección do seu territorio conforme este real decreto. Para tal efecto, o órgano competente da comunidade autónoma establecerá os requisitos e o procedemento para rexistrar a información relativa a cada centro na súa base de datos e actualizala, para o cal pode incluír información sobre a comunicación de datos, así como, de ser o caso, o pagamento dunha taxa asociada, en caso de acceso aos datos por parte dun terceiro.

Artigo 10. *Plan de controis.*

1. A autoridade competente establecerá os controis oportunos para asegurarse de que os centros de limpeza e desinfección no seu territorio cumpren coas condicións establecidas na autorización.

2. De se detectaren deficiencias graves no que se refire ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 e a persoa titular do centro de limpeza e desinfección non presentar as garantías adecuadas de que as ditas deficiencias vaian ser emendadas, a autoridade competente establecerá os procedementos de retirada da autorización do establecemento. Non obstante, no caso de que o operador poida garantir a emenda de tales deficiencias nun prazo segundo o determine a autoridade competente, poderase suspender temporalmente a autorización do dito establecemento en lugar de retirala.

3. Os ditos controis terán unha frecuencia adecuada segundo o risco que represente cada centro en función da súa localización, tipo e cantidade de vehículos recibidos.

Artigo 11. *Comunicación e rexistro das autorizacións.*

1. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as autorizacións concedidas, así como as posibles limitacións previstas no artigo 4.2, e as actualizacións e, en especial, as suspensións temporais ou revogación das autorizacións, a través do rexistro definido no artigo 9. Así mesmo, comunicarán á citada dirección xeral o resultado das inspeccións e dos controis periódicos realizados dentro de cada ano aos centros autorizados no seu respectivo ámbito territorial.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria levará un rexistro público, de carácter informativo, das autorizacións concedidas polas autoridades competentes e as súas sucesivas incidencias

Artigo 12. *Responsabilidade.*

A persoa titular do centro de limpeza e desinfección será a responsable de que se cumpran e manteñan os criterios mínimos que deben reunir os equipamentos e as instalacións, especialmente os descritos no anexo I, que se seguen as normas para a realización das operacións de limpeza e desinfección, especialmente as descritas no anexo II, e que o certificado mínimo conteña os datos mínimos sinalados no anexo III.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das posibles responsabilidades administrativas, civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Excepción da obrigaón de desinfección.*

Sen prexuízo do resto de supostos establecidos pola normativa vixente en cada caso, non será obrigatorio proceder á limpeza e desinfección do vehículo de transporte nos

movementos de animais respecto dos cales non sexa exixible a certificación oficial de movemento prevista no número 1 do artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Disposición adicional segunda. *Normativa de seguridade e saúde laboral.*

O disposto neste real decreto débese entender sen prexuízo das disposicións en materia de seguridade e saúde no traballo establecidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e na súa normativa de desenvolvemento, en particular no Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade das persoas traballadoras contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, e no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección das persoas traballadoras contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

A creación e o funcionamento do Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección, previsto no artigo 9 deste real decreto, non suporán incremento do gasto público e serán atendidos cos medios existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria primeira. *Adecuación dos accesos de entrada e saída ao centro de limpeza e desinfección.*

Aqueles centros xa autorizados na data de entrada en vigor deste real decreto que non contén con accesos distintos para a entrada e saída de vehículos ao centro contarán cun período de cinco anos a partir da entrada en vigor deste real decreto para adecuar as súas instalacións, de acordo cos números 2 e 3 do anexo I.

Disposición transitoria segunda. *Valado perimetral e superficie formigonada ou asfaltada.*

Aqueles centros de obra antiga que non contén con valado perimetral ou superficie formigonada ou asfaltada polo menos na superficie onde se realizan as tarefas de limpeza e desinfección, así como o acceso e a saída do vehículo, contarán cun período dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto para adecuar as súas instalacións, de acordo co número 4 do anexo I.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto, e especificamente o Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, segundo inciso, da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos e os prazos establecidos neste real decreto para a súa adaptación á normativa da Unión Europea ou da OIE, así como para modificar os métodos de desinfección do anexo II deste real decreto con base na bibliografía que probe a eficacia do método e garanta a inactivación dos axentes patóxenos para todas as especies e categorías para as cales estea autorizado o centro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o artigo 9, que entrará en vigor o 1 de xullo de 2020.

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Requisitos mínimos que deben reunir equipamentos e instalacións

1. Cartel indicador na vía de entrada ou acceso ao recinto, onde se poida ler claramente que se trata dun centro de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada dos animais e produtos mencionados no punto primeiro do artigo 1. Non obstante, a autoridade competente poderá exceptuar deste requisito aqueles que non sexan de libre acceso para calquera vehículo de transporte por estrada de animais e os seus subprodutos.
2. Accesos distintos para a entrada e saída dos vehículos ao centro.
3. En centros cunha autorización vixente no momento da publicación deste real decreto, e unicamente en caso de que técnica ou estruturalmente non poida dispoñer de accesos distintos de entrada e saída, este dispoñerá dun sistema eficaz de limpeza e desinfección de rodas e baixos do vehículo con biocida de uso gandeiro para que actúe sobre as rodas e baixos do vehículo.
4. O recinto debe estar pechado exteriormente e a súa superficie será formigonada ou asfaltada, polo menos na superficie onde se realizan as tarefas de limpeza e desinfección, así como o acceso e a saída do vehículo.
5. Contarase cunha área preferiblemente cuberta onde se realizarán as operacións de limpeza e desinfección dos vehículos; as operacións estarán separadas en «sucias» e «limpas» e procurárase un fluxo de materiais e servizos en liña recta.
6. O centro contará con instrucións claras e visibles do procedemento de limpeza e desinfección para o/os cal/es foi autorizado.
7. O centro deberá contar con utensilios necesarios para realizar un correcto varrido e raspado da cama e o esterco cando se realice unha primeira limpeza en seco dos vehículos, así como cunha área de almacenamento dos residuos orgánicos sólidos.
8. De ser o caso, sistema de xestión dos residuos sólidos que se xeren durante a limpeza dos vehículos.
9. Instalación de auga corrente cos seguintes equipamentos:
 - a) Mangueira ou equipamento a presión (mínimo 20 atmosferas e caudal mínimo 1.000 l/hora).
 - b) Naqueles centros en que o deterxente utilizado para a limpeza así o requira, será obrigatorio dispoñer de auga quente.
10. Equipamento de desinfección a presión para proceder á pulverización do biocida de uso gandeiro sobre o vehículo, con dispositivo para mesturar a auga e o biocida de uso gandeiro en proporcións adecuadas e, de ser o caso, calquera outro equipamento de desinfección alternativo recollido no anexo II.
11. Plataforma con desnivel suficiente para permitir a recollida dos líquidos procedentes da limpeza e desinfección dos vehículos.
12. Fosa de recollida de efluentes xerados nas operacións de limpeza e desinfección que imposibilite a súa difusión e garanta a súa adecuada eliminación.
13. Sistema de precintaxe e selaxe das portas ou elementos de acceso do gando, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo unha vez concluídas as operacións de limpeza e desinfección.
14. Cando proceda, almacén para cama limpa.
15. Espazo reservado para o material, ferramentas, maquinaria, almacenamento de produtos químicos, etc.
16. Instalación ou instalacións destinadas á realización das funcións administrativas do centro.

ANEXO II

Normas para a realización das operacións de limpeza e desinfección

Durante as operacións de limpeza e desinfección deberanse seguir os seguintes pasos:

1. Unha limpeza en seco do vehículo, cando se considere necesario polo contido de materia orgánica no seu interior, co fin de eliminar toda a materia sólida mediante varrido e raspado, que se depositará nunha zona específica, cuberta ou non, para a súa posterior eliminación ou aproveitamento.

Esta limpeza en seco débese realizar sempre comezando polo punto máis alto do vehículo e acabando polo máis baixo.

2. Unha limpeza con auga a presión de todo o vehículo, incluídos rodas, baixos e carrozaría. A limpeza deberase realizar cos elementos móbiles do vehículo desmontados: pisos, separadores, gaiolas, etc.

3. Aplicación de deterxente, preferiblemente alcalino, segundo se estableza nas especificacións técnicas de uso establecidas polo fabricante.

A auga será recollida en foso para a súa posterior eliminación ou aproveitamento.

Non obstante, no caso dos vehículos de transporte por estrada de peixes, esta limpeza realizarase de forma adecuada ás características do dito transporte e dos vehículos.

4. A desinfección do vehículo realizarase mediante unha das seguintes opcións:

a) Pulverización das partes externas e da zona habilitada para o transporte de animais, subprodutos ou produtos para a alimentación animal, cun biocida de uso gandeiro, adecuado segundo a especie animal, subproduto ou produto para a alimentación animal de que se trate e a situación sanitaria da zona, de forma que os procedementos utilizados sexan eficaces contra os axentes patóxenos. Durante esta operación, os pisos da zona habilitada para o transporte de animais deben estar en posición de carga. Non obstante, isto non será aplicable aos vehículos de transporte por estrada de peixes.

b) Tratamento térmico que garanta a inactivación dos axentes patóxenos de forma que os procedementos utilizados sexan eficaces contra os axentes patóxenos.

A roupa e calzado do condutor débese cambiar ou, na súa falta, limpar e desinfectar previamente ao uso da cabina para o seguinte transporte. A cabina do condutor débese limpar e desinfectar adecuadamente.

Precintaxe do vehículo. No precinto debe figurar o número de precinto e, opcionalmente, o número de rexistro oficial do centro.

O percorrido do vehículo debe ser cara adiante e non retroceder cara ás zonas sucias polas cales pasou, salvo nos centros acollidos á disposición transitoria primeira.

No caso de que o centro dispoña de dúas zonas separadas, sucia e limpa, o persoal do centro non se deberá mover directamente sen tomar as medidas oportunas.

A utilización polas persoas traballadoras de equipamentos de protección individual realizarase de conformidade co disposto no Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polas persoas traballadoras de equipamentos de protección individual.

ANEXO III**Datos mínimos que debe incluír o certificado de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de animais, produtos para a alimentación animal e subprodutos non destinados ao consumo humano**

- Número de certificado ou talón.
- Localización do centro de limpeza e desinfección (comunidade autónoma, provincia e municipio).
- Número de rexistro de inscrición do centro.
- Matrícula do vehículo (incluída, de ser o caso, a do remolque) ou, na súa falta, número de bastidor ou código de identificación individual asignado polo transportista.
- Nome, apelidos, nacionalidade e DNI, NIE ou número de pasaporte, na falta do NIE (estranxeiros) do transportista.
- Biocida de uso gandeiro ou tratamento desinfectante alternativo autorizado utilizado.
- Número de precinto.
- Data e hora de inicio das tarefas de limpeza e desinfección.
- Data e hora de finalización das tarefas de limpeza e desinfección.
- Sinatura da persoa responsable técnica do centro, de ser o caso, aplicador de biocidas (incluídos o nome e os apelidos) que certifique que na data e hora indicadas se procedeu no citado centro á limpeza e desinfección do vehículo, así como á colocación do precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso dos animais, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo.
- Selo do centro.
- Lugar, data e sinatura.

ANEXO IV**Datos mínimos que debe conter o Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección**

O Rexistro Nacional de Centros de Limpeza e Desinfección levará, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Nome do centro.
- b) Enderezo postal.
- c) Tipo de centro: «T», «R», «A».
- d) Especies, categorías ou status sanitario dos animais, produtos para alimentación dos animais ou categorías de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano para as cales está autorizado.
- e) Data de alta, retirada ou suspensión temporal da autorización.
- f) Coordenadas xeográficas.
- g) Método de desinfección empregado (biocidas, térmico).